Fraxinus angustifolia Vahl, 1804

freixa, freixo de folla estreita, f. de folla miúda, f. mediterráneo, f. negro
fresno de hoja estrecha, f. de Castilla
lizar hostotxikia, lizar hostotxiquia, lizarra
arbre ver, estanca- sanc, fleix, freixe de fulla estreta
narrow-leafed ash
freixeiro, freixo, freixo comum, freixo de folhas estreitas



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA PM

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Lamiales**	**Oleaceae**	***Fraxinus***

ORIXE

Norte de África e Península Ibérica.

CARACTERÍSTICAS

Árbore caducifolia de 15 a 25 m de altura, polígama, coa copa ampla e o tronco cunha casca agrisada, rugosa e gretada en exemplares adultos. Follas opostas con 7-9 folíolos de forma ovado-lanceolada, coa base enteira e finamente dentados na metade superior. Limbo verde claro na face superior, con pubescencia nos nervios da cara posterior. Pecíolos con peliños. As xemas son de cor castaña clara. As flores aparecen antes de que se formen as follas; son verdosas, carecen de pétalos e, polo tanto, son pouco visibles, aínda que medran en acios colgantes. Os froitos tamén aparecen en acios, son aplanados, ovalados e moi alongados, e a semente ten unha á en case toda a súa circunferencia para facilitar a dispersión polo vento (sámaras).

HÁBITAT

Medra en zonas húmidas non salinas e nas beiras dalgúns regatos.

DISTRIBUCIÓN

Sur e centro de Europa, noroeste de África e suroeste de Asia. Amplamente representada na Península Ibérica.

CURIOSIDADES

Amplamente empregada como árbore ornamental, especialmente nas beiras das estradas. A madeira é elástica e resistente, o que a fai axeitada para a fabricación de materiais.